



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

03 MAY. 2024 18:06:54

Entrada **23905**

Pregunta sobre a promoción dun polígono industrial no Concello de Santiso

Competencia
Subcompetencia
Tipo Expediente

Competencias de la Cámara
Control e información
184-Pregunta al Gobierno con
respuesta escrita.

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado




Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso dos Deputados, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas á promoción e creación dun polígono industrial no Concello de Santiso.**

O Concello de Santiso, da comarca Terra de Melide na provincia da Coruña, sitúase na zona central de Galiza, limitando con Lugo e Pontevedra. Localización que lle confire unha posición estratéxica inigualable, que agora se verá mellorada cando entre en funcionamento de forma completa a autovía Santiago-Lugo. Con esta nova vía de comunicación incrementarase a potencialidade do concello para a implantación de actividades industriais e empresariais.

No Plan Xeral de Ordenación Municipal, PXOM, aprobado definitivamente en novembro de 2014, resérvase para chan industrial terreo suficiente para permitir o desenvolvemento de novas actividades empresariais na comarca. Este sector de chan urbanizábel industrial sitúase nas proximidades da ligazón entre a futura autovía Santiago-Lugo e a estrada DP-4603, unha localización inmellorábel para dotar a un futuro parque empresarial de boas comunicacións. Esta zona tería boas condicións de accesibilidade e conectividade co sistema xeral viario e podería dar servizo a iniciativas empresariais e industriais de toda a comarca.

A zona reservada a chan industrial está conformada por 46 parcelas cunha superficie media de 5.600 m², con condicións de pendente favorábeis, escasas capacidades produtivas e unha superficie total de 258.831 m² constituído





por tanto, un polígono industrial de tamaño medio, cuxo desenvolvemento podería xerar riqueza e dinamismo económico para o Concello de Santiso e o conxunto da comarca.

Para lograr que este proxecto sexa unha realidade o Concello de Santiso reclama a implicación do Goberno do Estado, ben directamente a través dos distintos Ministerios con competencias nesta materia, especialmente o Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, a través de axudas e convenios de colaboración para lograr a urbanización do polígono e a construción. Ou ben a través do instrumento creado para este fin como é a empresa Solo Empresarial do Atlántico, S.L. SME unha sociedade participada nun 83,44% polo Ministerio de Transportes, Movilidad e Axenda Urbana a través de Sepes, constituída como un instrumento de iniciativa pública para a creación de Parques Empresariais en Galiza e con iso impulsar o desenvolvemento económico e social, xerar riqueza e xerar emprego.

En definitiva, existen os mecanismos adecuados e as condicións idóneas para apostar por un necesario proxecto de promoción de chan industrial na que é imprescindible a implicación da Administración Xeral do Estado

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas ao Goberno:

1. É coñecedor o Ministerio de Industria das actuais necesidade de promoción de chan industrial e empresarial na comarca de Terras de Melide e Arzúa?
2. Comparte que a ubicación dos terreos destinados a chan urbanizábel industrial en Santiso son idóneos pola súa situación próxima á conexión coa futura A-54?



3. Actuará o Ministerio de Industria e realizará as xestións precisas para a promoción da actividade industrial en Santiso creando un novo parque empresarial?
4. Contactará co Concello de Santiso e a Xunta de Galiza para coordinar esta actuación?

Madrid, a 3 de maio de 2024

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento de los Diputados, formula las siguientes **preguntas dirigidas al Gobierno para su respuesta escrita relativas a la promoción y creación de un polígono industrial en el Concello de Santiso.**

El Concello de Santiso, de la comarca Terra de Melide en la provincia de A Coruña, se sitúa en la zona central de Galiza, limitando con Lugo y Pontevedra. Ubicación que le confiere una posición estratégica inigualable, que ahora se verá mejorada cuando entre en funcionamiento de forma completa la autovía Santiago-Lugo. Con esta nueva vía de comunicación se incrementará la potencialidad del concello para la implantación de actividades industriales y empresariales.

En el Plan General de Ordenación Municipal, PGOM, aprobado definitivamente en noviembre de 2014, se reserva para suelo industrial terreno suficiente para permitir el desarrollo de nuevas actividades empresariales en la comarca. Este sector de suelo urbanizable industrial se ubica en las cercanías del enlace entre la futura autovía Santiago-Lugo y la carretera DP-4603, una ubicación inmejorable para dotar a un futuro parque empresarial de buenas comunicaciones. Esta zona tendría buenas condiciones de accesibilidad y conectividad con el sistema general viario y podría dar servicio a iniciativas empresariales e industriales de toda la comarca.

La zona reservada a suelo industrial está conformada por 46 parcelas con una superficie media de 5.600 m², con condiciones de pendiente favorables,



escasas capacidades productivas y una superficie total de 258.831 m² constituyendo, por lo tanto, un polígono industrial de tamaño medio, cuyo desarrollo podría generar riqueza y dinamismo económico para el Concello de Santiso y el conjunto de la comarca.

Para lograr que este proyecto sea una realidad el Concello de Santiso reclama la implicación del Gobierno del Estado, bien directamente a través de los distintos Ministerios con competencias en esta materia, especialmente el Ministerio de Industria, Comercio y Turismo, a través de ayudas y convenios de colaboración para lograr la urbanización del polígono y la construcción. O bien a través del instrumento creado para este fin como es la empresa Suelo Empresarial del Atlántico, S.L. SME una sociedad participada en un 83,44% por el Ministerio de Transportes, Movilidad y Agenda Urbana a través de Sepes, constituida como un instrumento de iniciativa pública para la creación de Parques Empresariales en Galiza y con ello impulsar el desarrollo económico y social, generar riqueza y generar empleo.

En definitiva, existen los mecanismos adecuados y las condiciones idóneas para apostar por un necesario proyecto de promoción de suelo industrial en la que es imprescindible la implicación de la Administración General del Estado.

Por los motivos expuestos, el BNG formula las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Es conocedor el Ministerio de Industria de las actuales necesidades de promoción de suelo industrial y empresarial en la comarca de Terras de Melide y Arzúa?
2. ¿Comparte que la ubicación de los terrenos destinados a suelo urbanizable industrial en Santiso son idóneos por su situación próxima a la conexión con la futura A-54?



3. ¿Actuará el Ministerio de Industria y realizará las gestiones precisas para la promoción de la actividad industrial en Santiso creando un nuevo parque empresarial?
4. ¿Contactará con el Concello de Santiso y la Xunta de Galiza para coordinar esta actuación?

Madrid, a 3 de mayo de 2024

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso